

O auténtico e lexítimo Goberno de Catalunya ingresou no presidio. Diante d-este feito, cheo de ensinanzas, nós saudamos aos homes da Xeneralitat con este be-rro compendio da nosa adhesión.
¡VISCA CATALUNYA!

A Nosa Terra

BOLETIN DO PARTIDO GALEGUISTA

Franqueo Concertado

111 Sagardo, 20-20
Puntualidade

VERBAS DE CHUMBO

XI

Nos eidos da República abrollan todol-os vicios da monarquía. A poda doules vitalidade. O caciquismo e a inxusticia inzan as terras hispánicas.

Hoxe asesinan a un rapaz (o meu primeiro amigo de Badaxoz) que por defender as reivindicacións dos traballadores, co ardimento inexperto da súa mocidade, morre a mans dunha cria do caciquismo reverdecido.

Onte intervén a Delegación do Traballo para evitar que os ricos terratenentes negocien coa fame dos campesiños, pois xa se estaban pagando xornales de tres pesetas a homes que non atopan ocupación máis que nos cincuenta días da sega. ¡Trinta pesos para todo o ano!

¿Qué é isto? ¿Onde teñen a conciencia eses homes que andaban a falar de sentimentos feridos? ¿Qué fan os verdadeiros cristiáns para coutar as ambicións dos poderosos?

Eu creo que ningún galeguista por arredado que se atope de nós, concordará coas forzas reacionarias que campan agora por Hespaña adiante. Creo que ningún galeguista pode sentir a necesidade dunha caracterización dereitista nestes intre de guerra incivil.

E no correo de hoxe recibo un manifesto político, arranxado con enxeñosos artificios de lingoaxe, para disculpar unha posición ilexítima dentro do noso campo. Trátase nada menos que de crear unha «Dereita galeguista» lazando a irmandade dos «bós e xenerosos» cando máis rexa debe ser a súa compenetración.

Pois ben; quero que seipán os firmantes do manifesto, e todos cantos acudan á súa chamada, que eu, galeguista nato, opoñeréime a calquera entendemento político con eles, porque non creo na forza dos seus sentimentos patrióticos nin estou disposto a deixarme convencer con ados de vidro.

Quixera compor eiqú longas parrafadas para demostrar que os escrupos de carácter social e relixioso que agora sinten os chamados «galeguistas de dereita» xurdiron despois do desastre eleitoral e por influencias exteriores. Quixera demostrar como a fuxida de algúns galeguistas obedece máis que a diferenzas políticas a comodidades persoais. Quixera demostrar que a teina secesionista foi provocada pol-a ferverza reacionaria que baixou da meseta castelán. Quixera demostrar que os galeguistas que se arredan de nós coa intención de amingar a nosa forza poñen a Galiza por debaixo de outros intereses, que nin tansiquera son espirituales. Quixera demostrar que un galeguista verdadeiramente cristián non ten porqué arredarse do noso partido, nin para salvar a nosa Terra nin para salvar a súa alma. Quixera demostrar que esas «coincidencias fundamentais de orde ideolóxico», que eles invocan para un entendemento político, son xustamente as que nos arredarán sempre.

Eu podería demostrar todo eso con tanta lóxica como a que empregan os «galeguistas de dereita» no seu enxeñoso manifesto; pero con máis emoción e menos artificio. Non-o fago porque aínda non se consumou a fazaña.

De todos xeitos abonda co dito para que ninguén crea que se trata de unha inorma de táctica política para ensanchar a base do galeguismo pol-os dous extremos. Non; a política do galeguismo correspóndelle enteiramente ao noso Partido, a non ser que xurdise outro máis avanzado no senso nacionalista e con opinión dabondo para facerse respetar. Non nego a necesidade dunha escisión do Partido Galeguista na hora en que a nosa Terra conquira os seus anxeios mínimos de liberdade; pero nego a comenencia de facelo agora, e aínda que o galeguismo acordase neste intre formar dúas forzas de signo contrario, sempre contaríamos con homes máis firmes para erguer bandeiras e facer chamadas.

CASTELAO.

Xustificación preliminar

O irmán Castelao como admiración o seu nobre espírito aberto a comprensión.

As correntes político-socias que soplan n-este século son antitéticas as que domeñaban o XIX. O predomínio das élites vaixe trocando nunha ficción. Imponse iso que se deu en chamar a «masa».

Nunha ollada retrospectiva, cara atrás, imos evocar algo que tivera corpo no onte. Así faremos xusticia a figuras das xeneracións pretéritas que viven o hoxe da vida e da política ca esperanza de que o seu pobo alcance a felicidade no mañán.

HÉROIS

SEU ORIXEN

O amor como o door aspiran a ser recíprocos.

É iste un feito que se vé palpablemente nas multitudes.

Xurden os hérois como produto d-istes dous sentimentos nos pobos de alma doorida. (É un feito da «psicoloxía» das multitudes).

Nun pobo que se atopa n-istas circunstancias os cidadáns teñen o espírito ferido, non morto.

En ise intre de desesperación interior é cando aparece o home que medotizando e conducindo o pensamento da masa ha ser despois de morte o héroi.

Dos mais compenetrados cas suas institucións, políticas, socias e culturais; dos que mais e mellor vivan a vida precaria do pobo emerxe o héroi. A súa vontade de sacrificio hase de transformar mais tarde en heroísmo. (Tan caro que soilo a morte o fai por-

que o héroi non-o á ser definitivamente até despois de morto).

O héroi ergue dun pulo ó pobo decaído e escravizado na maioría dos casos. (Pode ocorrer que fracase, mais por iso non deixará de selo).

N-ista obra insensiblemente trasmítelle a súa vida. (A vida que él vai perdendo vaina adequirindo o pobo). quen se queda sin ela é o home—casi super-home—que xurdindo de entre a multitude recolle, e quere plasmar, as ideais d-aquela en realidades i-en feitos.

(Coñece os sufrimentos da multitude e móstrallos. Elévase nuns casos e arrastra. Velehí o exemplo do héroi occidental).

En outros casos non se eleva. Faize un entre todos e amostra diante da multitude, para captala, os sufrimentos na súa persoa. É un mais que sofre con todos. Velehí o exemplo do héroi oriental).—«De Giménez Caballero».

Nos dous casos traballa e discurre en beneficio de quenos o siguen. Pasa a maor parte da vida sin vivila, como debora entregándoa, por anacos nas cadeas i-en desterros fora do seu país natal.

Forxa ideais. Incúllallas ó pobo e faize depositario das suas aspiracións e dos seus problemas.

A multitude ten por él veneracións: ámalle. El sofre: ten door por ela.

En presidio DO MOMENTO

Bén. Xá están en Cartagena e no Porto de Santa María pechados e bñ pechados os «traidores», os nemigos da «sagrada unidad nacional». Oficialmente teñen que estar encadeados nada menos que trinta anos.

Tempo d-abondo para que os patriotas, os acaparadores e mercaderes do amor a patria, poidan respirar tranquiños.

Aos catro anos de República entran en presidio, polo delito de querer que o réxime non perdera as suas esencias e o espírito do seu nacemento, os homes que o 14 de Abril—antes que en ningún pobo da Hespaña—procuraron a caída da apodrecida monarquía. Companys foi quen en Barcelona, bastantes noras antes que en Madrid, erxueu no Concello a bandeira tricolor.

Delito enorme que tiña de pagar. Non se fixo agardar moito.

Un goberno presidido por ún dos primeiros ministros da República en cambalache noxento cos tradicionaes nemigos do que o réxime republicán representa, con representacións das ramas borbónicas que tantas veces tinguiron de sangue, i-están dispostos a tinguir o chán hispánico, acusa diante dun tribunal inspirado nos máis espantoso canibalismo político a estes homes, románticos e xenerosos.

O Tribunal, naturalmente, condenaos e o goberno péchaos en presidio. Varios nemigos menos, dirían.

E xá están aló.

Cativo concepto da política e ruín motivo de inspiración para un gobernante.

Os homes da Xeneralitat, firmes no ideal, valentes e rexos na defensa do anxeio que guiou a súa vida exemplar e ategada de sacrificios por unha Causa nobre, viven hoxe un episodio máis da súa accidentada e romántica actuación.

Sereos e firmes entran no presidio coa cabeza ergueita e o corazón encendido. Deixan de trais de seu un ronsel luminoso, unha estrada de estrelas, que toda Catalunya, a Patria inmorrente, sigue hoxe cos ollos e mañan pecorrerá con feitos contundentes.

Un repouso, bñ merecido, no cotián labourar por unha Patria millor, representa para estes homes o encarceramento.

O pobo no que eles confían, o pobo que depositou n-éles a confianza do seu propio goberno no intre en que nasceu para él a ilusión de sentirse, por primeira vez, gobernada de seu, non tardará en abrir coa chave de ouro dun plebiscito popular as portas dun presidio que algún día terá de abrirse e pecharse para sempre para albergar n-él aos que espiritual e materialmente non merecen outro albergue.

Todo pasa e pasará tamén esta ola de moura política que abala a Hespaña.

N-ése intre os homes auténticos de Catalunya respirarán o ar da liberdade propia para afirmar eternamente a liberdade da súa terra.

Namentras, con eles e con Catalunya que os ama, está o espírito de cantos levamos no pensamento e no corazón o mesmo ideal, o mesmo sentir pola liberdade das patrias respeitivas

V.

No mesmo intre en que volta a Hespaña e reingresa con todolos honores oficiaes no exército un xeneral de tráxica lembranza; ao mesmo tempo que outro xeneral que cos mausers pretendeu impedir a caída do réxime monárquico: coincidindo coa absolución dos responsabres do fusilamento de Galán e García Hernández e moi pouco tempo despois da amnistía que puxo en liberdade aos revolucionarios monárquicos do 10 de Agosto, entran nun presidio, condeados por un Tribunal político e un goberno que se sostén coa Constitución en suspenso, os homes da Xeneralitat catalana.

Non é posíbel, non sería permitido, afondar no asunto que tén unha elocuencia abrumadora. Abonda que cada ún examine con toda obxetividade para ollar de contado n-este feito un espello fidel da situación política actual.

Os que adicaron toda unha vida exemplar ao ideal de ollar instaurado na Hespaña un réxime legal e xusticieiro ván a presidio. Os que serviron, apelando a toda crás de medios por violentos que fosen, a un réxime noxento e apodrecido son repostos e casi glorificados por un goberno e unhas institucións que se din republicáns.

Non val indinárese. Nin compre tampouco facelo. O camiño é tomar nota do feito e non esquecelo.

Catalunya está en pé. Con Catalunya a opinión republicán auténtica e autonomista que leva grabados no pensamento os nomes d-estos homes sobor dos que se acumularon os odios da Hespaña moura que agora pretén-dese resucitar.

A loita continúa e na hora do trunfo definitivo, tanto do ideal lexítimamente republicán como do das nacionalidades hispánicas que arelan a súa liberdade, os homes de Catalunya serán bandeira gloriosa baixo da que cobixaranse en amorosa i-entusiasta fraternidade os anxeios d-unha Hespaña nova na que os pobos que a constituíen atoparán a súa manumisión eterna.

Xá anda polas páxinas dos xornaes e sendo motivo de comentarios o proieto de reforma constitucional enxendrado por este goberno de nupcias impúdicas.

Si trunfara ¿qué ficaría da República? Somentes a verba mais non o seu espírito.

Con vesania africana entraron a saco no Código estatal para pretender destruílo e facer da Hespaña oficial unha monarquía sin rei. Unha monarquía hespañola concepto que abonda para distinguila de calquer outra monarquía europea.

Os artigos que se refiren aos estatutos rexionaes son precisamente os que con maor ensañamento son pretenciosamente esnaquizados. Quérese continuar o que se chama a historia de Hespaña. A Hespaña centralista, absurda, bárbara e fracasada. Abonda éste soio detalle para formar xuício da capacidade política e g-bernamental dos autores do enxendo concebido, en horas orxiásticas de amancebamento no leito do Poder.

E así todo. Corenta e tantos artigos que se queren reformar. N-algúns sinalando o espírito e intención da reforma. N-outros con xesuítica hipocresía indicando somentes o seu número.

O tema é sabroso e non pode esgotarse. Deixemos ao tempo que vaia madurando o proieto e xá veremos si non pasa d-eso. De proieto.

A realidade é, afortunadamente, bñ difrente da que pensan ou pretenden facer que pensan os que, amartelados, gozan arestora da lúa de mel do casoiro gubernamental.

VICTOR CASAS.

I-un bó día ten lugar a batalla. Chega o intre de obrar. Ca súa intelixencia dirixe e si acaso colle a lanza como un de tantos guerreiros. ¿Ollará ou non o trunfo?

Cecais non-o vexa mais que a través d-aquel intre de rebeldía. Ollará o trunfo material. O outro, o das ideais que defende, seguro é que non-o ollará ren.

Pasado o intre os feitos recoleranos outros. El cumples co seu deber. O pobo libre xa das calamidás, ¿sabrá premiar o esforzo?

O pouco tempo a morte apodérase do seu corpo gastado i-enfermizo. ¿E iste o preciso intre en que se proclama o héroi? Debía selo, pero... o que en vida foi xusto e quixo a mesma sorte para os demais ó mellor agora non é tratado con xusticia.

Todos o lembran. E o único que queda flotando no ambiente por algún tempo. ¿Os que siguen tendo corazón bondadoso e xusto si o teñen por héroi.

Para seu consolo cando pensen en él a ley da vida—xa que non da razón—ensiñarálles que os hérois non morren. Virá en axuda a poesía—o arte síntesis dos sentimentos—e dirá: Vive con nós i-en nós porque os hérois non morren espiritualmente, si a vida é sono a mesma morte non eisiste, logo por conseguinte, ninguén morre e menos un héroi que é algo inmortal.

E no futuro todos vivindo no door depositarán o amor no recordo, i-e que o amor como o door aspiran a ser recíprocos.

VICTORIANO BUXÁN RIVAS.
Pontevedra, 26-6-35.

A bandeira galega

Outra vez, con insistencia dina de millor causa, o señor Couceiro Freijomil volta a remexer o argadelo da bandeira galega.

Reforce a argumentación e solta a intención que o inspira para pretender fomentar novamente a confusión.

Non quere convencerse.

Como xá teñen dado razóns d-abondo poderosas, e aínda Vilar Ponte dábaas novamente n-un xornal fai poucos días para deixar bñ sentado que a bandeira galega é a que todo o mundo conosce e acata como tal e como as intencións e pretendidos argumentos que o señor Couceiro dá non convencen a ninguén, compre tomar a cousa como unha manía de un señor que dalle por ahí como lle podía dar por xuntar capicúas dos tranvías.

Así que o señor Couceiro pode seguir machacando no ferro trio da indiferencia con que os galegos ollamos as súas manías e xá se cansará. Si quere e sinón aló él.



Aktividades do Partido

Propaganda galeguista

Autorizada novamente polo goberno de Madrid a propaganda política é necesario que os nosos grupos reanuden as súas actividades n-ése senso.

Os mitins que estaban preparados denantes da suspensión compre dispoñerse aos celebrar axiña.

Si cadra o goberno de Madrid lle por suspender novamente a propaganda e anque sexa con estas intermitencias que as circunstancias impoñen debemos aproveitar o tempo facendo cantos mitins poidan orgaizarse.

GRUPO DE SADA

Alianza de esquerdas

Seguida de activas xestións feitas pol-o conselleiro do noso Partido na comarca, constitúese en Sada, unha alianza de esquerdas, na que están incruídos ademais dos partidos republicáns, destacados dirixentes dos traballadores locais.

Iste frente loitará contra a reación, fascio, guerra e pol-a conquista de unha amnistía para os presos políticos e sociaes. Fará a súa declaración pública con un manifesto, un mitin, e un local adicado a centro de estudos técnicos, políticos e sociaes, por onde han de pasar as mais outas figuras do pensamento cultural, político e social de Galicia.

O comité constitueno nove individuos, ficando nomeado Segretario xeral d-este o noso irmán que orgaizou a alianza e vice Segretario un membro de I. R.

Ao ser coñecida esta nova, causou fonda sensación non so na vila, senón tamén nos concellos veciños, onde logo se organizarán intelixencias semellantes a ésta.

CORRESPONSAL.

Este número foi visado pol-a Censura gubernativa.

Follas Novas

Nós.—Número 135.

«Xoán Antonio Arce algunhas notas biográficas» por Paulino Pedret; «Alciprés» por Xosé Velo; «Galliza, patria da cauzón» por Guillermo de Almeida; «Presencia de Galicia nos vieiros da arte nova» por Francisco F. del Riego; «Mitteleuropa» por Vicente Risco.

A nosa terra

Revista do Partido Galeguista

No mes próximo poñeremos ao cobro os recibos do segundo semestre. Os corresponsaes recibirán logo os ditos recibos.

Aos corresponsaes que aínda non liquidaron os recibos do primeiro semestre pregámoslles o fagan axiña para non xuntar úns e outros.

VALENTIN PAZ-ANDRADE Abogado Vigo
ANTÓN PINTOS MIGUEZ Consulta de 12 a 1 e de 4 a 6 Baión
COLEXIO LEON XIII VILAGARCIA
R. GONZALEZ PASTORIZA Abogado Vigo

MANOEL GÓMEZ ROMÁN Arquitecto Vigo
XERARDO ALVAREZ GALLEGO Abogado e Procurador Vigo
DR. AMANCIO CAAMAÑO Sanatorio Quirúrgico Pontevedra
FRANCISCO Barreiro Salaño Perito Agrícola Santiago

Os nosos deputados e os de hoxe

Para que se vexa con datos concretos e probas que non ademiten dúbida reproducimos a continuación algúns dos párrafos da interpelación que os deputados galeguistas fixeron nas Cortes Constituintes en Maio de 1933.

Os problemas por eles tratados n-aquela ocasión non somentes siguen sin se resolver sinón que polo contrario agudizáronse máis aínda dende entón. Os deputados que Galicia tén hoxe no Parlamento hespañol non tiveron endemais a máis pequena preocupación por eles. E así Galicia vive momentos de anguria terrible baixo a ameaza de unha fame que xa comenzou a inzard o noso agro.

Verbas de Castelao

I.—O noso ferrocarril

Voy a empezar por el primer punto, que se refiere al ferrocarril gallego. Si se advierte que España es una avanzada de Europa en el Atlántico y si los pueblos gallegos tienen una situación de privilegio para ser el nexo de unión entre América y Europa, resulta imperdonable no haberlos dotado de comunicaciones rápidas y de todos los elementos que necesitan para cumplir su misión; y si se advierte que Galicia está unida al resto de España y de Europa por una línea tortuosa, absurda e irracional, entonces el asombro tiene que convertirse en indignación. Aquel túnel ideado por el gran novelista Kellerman que había de unir a América con Europa terminaba en Galicia, pero la fogosa imaginación de este escritor no llegó a concebir, ni pudo vislumbrar, semejante desidia del Estado español.

Un país europeo que sólo tiene un kilómetro de ferrocarril para cada mil trescientos habitantes, está en la obligación de realizar un esfuerzo supremo para salvarse de esta vergüenza, porque el problema del tráfico ferroviario en España es simplemente un problema de dignidad nacional. Pero es más vergonzosa para el Estado la situación ferroviaria de Galicia, que sólo cuenta con un kilómetro de ferrocarril par cada tres mil y pico de habitantes. Afirmar que se ha gastado demasiado en ferrocarriles en el mismo tono con que pudiera decirse que se ha gastado demasiado en Marruecos o en Exposiciones, es incurrir en una flagrante equivocación, que sólo puede ser disculpa por el apasionamiento de quien lo afirma.

También se ha dicho que es preciso

O día de Galicia

A NOSA TERRA publicará un número extraordinario que se quere supere aos publicados en anos anteriores.

Pregamos aos nosos irmáns e colaboradores envíen artigos para dito extraordinario e para a millor preparación do número agardamos telos no noso poder antes do día 15.

sacrificar los intereses regionales a los intereses más altos de la Nación, pero este tópico no puede ser aplicado al ferrocarril gallego que es de un evidente interés general. Por otra parte, hablar en tono despectivo de los intereses regionales y locales tiene que molestarnos, porque los intereses locales son también intereses españoles y la suma de todos ellos es lo que ha de constituir la base más sólida para el asentamiento de una verdadera democracia republicana.

Aún resuenan en nuestros oídos las manifestaciones del actual Ministro de Obras Públicas, señor Prieto, que afirmó que con su voto ni un kilómetro más de ferrocarril se haría, y, en efecto, ya se están construyendo ferrocarriles subterráneos de enlace cuyo elevado coste, cuya discutida utilidad y cuyo reducido interés local bastan para justificar nuestra indignación y provocar nuestra protesta.

A súa longa historia

El ferrocarril gallego tiene una larga historia que sangra injusticia. Esta obra tiene su origen en el plan general de ferrocarriles del año 55 y fué nada menos que el ingeniero D. Práxedes Mateo Sagasta quien fijó la orientación de su tratado. Por las dificultades económicas y financieras que entonces se tropezaba y por la irrisoria ayuda que el estado ofrecía. Medina del Campo-Zamora y el de Vigo-Orense se llevó a cabo mediante enormes sacrificios, y a fin de evitar la ejecución del trozo intermedio, o sea el de Zamora-Orense, la Compañía del Norte tuvo influencia bastante para que el Estado construyese por su cuenta el ramal de Monforte a Orense y empalmar así en la red del Norte la única vía férrea que sirve a la parte Sur de Galicia. Con este acto de generosidad inaudita del Estado, único que realizó en un país donde gracias a Empresas extranjeras se construyeron del trozo intermedio para favorecer exclusivamente los intereses de la Compañía del Norte; pero desde entonces quedó en la memoria del pueblo gallego el recuerdo de esta manobra.

Galicia, que fué cuna de muchos gobernantes cuyos tienen una larga y dolorosa experiencia política. Vió que los gobernantes amparaban y protegían siempre las prebendas y los privilegios de Empresas privadas, y es natural que ahora crea que los accionistas de la Compañía del Norte no han perdido del todo su influencia. Yo no participo de esa malicia, pero mi pueblo la tiene justificada; porque en la persistente campaña que han venido realizando los detractores del ferrocarril gallego, se advierte una parcialidad sospechosa.

Así, por ejemplo, el Sr. Rivera, autor de un trabajo tendencioso, que todos los Diputados habrán recibido, se sintió austero y patriota cuando ya iban gastado más de 100 millones, pero es preciso decir que fué uno de los concurrentes a la subasta de las obras y que hubiera sido mucho más oportuno que este ilustre constructor y contratista nos hubiese dado a conocer sus opiniones antes de la subasta. Por esta y por otras muchas razones, que no tengo tiempo de exponer ahora, la imaginación del pueblo creo sospechas que es preciso desvanecer a toda costa.

No se trata de un ferrocarril improvisado alegremente por la Dictadura, según se ha dicho, sino de una obra que responde a una necesidad largamente sentida. Pero, aunque así fuese, las obras no son buenas o malas por quien las realiza, sino por lo que ellas representan en sí; por la utilidad que han de prestar, y prueba de ello es que, en la ponencia de Gobierno respecto a las líneas o secciones que habrían de ejecutarse por el Estado, se aceptaba el cuarto trozo, que es creación de la Dictadura, mientras que se rechazaba el primero y el segundo o sea el Zamora-Orense, que está avalado por todos los requisitos técnicos y legales apetecibles y esto, visto des-

de Galicia. Sr. Presidente del Consejo de Ministros, parece una burla; porque Galicia, no solamente necesita que se termine pronto la construcción del ferrocarril íntegro de Zamora a Coruña, sino que además está necesitada del que se llama Ferrocarril Central Gallego.

As contribucións

Y por si fuerán pocas las razones expuestas en favor de nuestro ferrocarril. Galicia tiene otras de carácter fiscal que serían suficientes: según cálculos obtenidos por la Secretaría técnica del Partido a que pertenecemos. Galicia satisfizo al Estado el año 1930 por toda clase de impuestos, contribuciones y monopolios, 135 millones, y el Estado gastó en ese año en Galicia, por toda clase de atenciones, incluso las de Obras Públicas, 126 millones 200.000 pesetas, quedandó un remanente a favor de Galicia de 8 millones 800.000, que práctica y normalmente es muchísimo mayor, porque no han podido computarse en la cifra de ingresos por falta de datos, ni la parte que corresponde a Galicia en los millones con que el Estado participa de los beneficios del Banco de España, ni en las utilidades de los Bancos y otros ingresos sobre empresas centralizadas en Madrid, que según cálculos, ascienden a más de 100 millones, y es preciso decir que nosotros hemos tomado datos del año 1930 por ser más favorable a Galicia, pues no se puede ignorar que la recaudación por algunos conceptos, especialmente el de Aduanas, sufrió un descenso anormal de varios millones. En este año se refundieron los presupuestos ordinario y extraordinario, cuyas partidas, reunidas son las que han tenido en cuenta, y además en las cifras de gastos figuran 39 millones y medio de pesetas por atenciones de Guerra y Marina, que, de ningún modo, podrían, en su mayor parte corresponder a Galicia. Claro está que este superávit, que puede cifrarse en más de 12 millones tendría que ser disminuido en aquella parte de atenciones llamadas generales que le corresponderían a Galicia dentro de un régimen descentralizado; pero también los cálculos, hechos al efecto muy por bajo y tomando como punto de partida las cifras referentes al año 1930, completamente desfavorable para nuestra tierra, dan un remanente a nuestro favor, como podríamos demostrar si este fuese el momento oportuno.

Verbas de Suarez Picallo

A servidume económica de Galicia

Pues bien, sólo por la protección al trigo castellano, a los granos castellanos (esto lo repito y volveré a repetirlo, como muchas de las cosas que he dicho, mientras no se convenza el Gobierno y todo el mundo de que tenemos razón), según D. Rodrigo Sanz, uno de los hombres mejor especializado de la vieja generación en estos problemas económicos, concretaba en una conferencia y en un libro por sobrepeso—el precio del pan aparte—, por el derecho a comer pan de borona, pan de maíz, paga Galicia actualmente 70 millones de pesetas. Esto se ha dicho y hay que volver a decirlo. Por la geografía, por la economía, por la peculiaridad de sus problemas, Galicia es en España un país separatista. Aun no habiendo en Galicia espíritu separatista ni ideales separatistas—que los habrá y fuertes cuando Galicia se dé cuenta de que su no separatismo es una pura pérdida para ella—, el separatismo económico late vivo ahora mismo. Presionan sobre el Gobierno, de una manera tremenda, intereses enormes relacionados con la economía nacional que quizá eviten que el Sr. Ministro de

Agricultura cumpla su primer generoso impulso con relación a carne congelada: ¿a pretexto de qué? A pretexto de la economía nacional. ¿Qué quiere decir esto? Continuar la introducción de carne congelada en España, de acuerdo con algún Tratado, que será seguido por otros, significa anular el 40 por 100 de nuestra industria ganadera; luego nuestra industria ganadera, desde ese punto de vista, es incompatible con el resto de la economía nacional y es, por lo tanto, separatista.

Galicia esquivada nos trata dos internacionais

Yo tengo la ligera sospecha de que cuando el Gobierno negocia tratados de tipo internacional, en defensa de lo economía nacional, tiene demasiado los ojos en lo que él llama economía nacional, que no son más que aquellas cosas que más han resonado en el ámbito de la España de tierra adentro, de la España monárquica y vieja, aquellos problemas del aceite andaluz, de la naranja valenciana, por ejemplo, y otros muchos. Pero yo sospecho que el Gobierno no se acuerda de que nuestra industria conservera-pesquera forma parte integrante en la economía nacional y encantada tan considerable que en la producción pesquera total de España representa Galicia el 75 por 100 más o menos. Y digo que el Gobierno no se acuerda de ello, porque las recientes tasas de contingentes que le han hecho en Francia perjudican seriamente a nuestros productos conserveros; porque en el Tratado iniciado con la Argentina para traer de allí maíz, que pagará Galicia, que consumirá Galicia, que comerán nuestros labradores mordiéndolo con rabia, porque es pan de borona duro y áspero, en compensación de esde maíz no se ha llevado ningún producto gallego; y en el mismo Convenio con el Uruguay, que viene a hundir nuestra ganadería, está muy poco considerado el problema de nuestra industria pesquera. Y mientras tanto, existen en nuestros depósitos de salazones las anchoas, las riquísimas anchoas de Galicia, almacenadas desde hace cinco años, porque no hay quien las quiera. La riquísima anchoa gallega, la insuperable anchoa gallega, la de Cariño, por ejemplo, que no tiene igual en el mundo.

As nosas conservas abandonadas

Las conservas, nuestros productos conserveros están como estaban antes; pero, además, el Sr. Ministro de Agricultura, Industria y Comercio convocó a una conferencia a los patronos y a los demás elementos interesados en este problema, y en esa conferencia se han tomado acuerdos, se han formulado conclusiones, cada una de las cuales podía ser una solución en el ámbito nacional para el problema que padecemos. Letra muerta, como todo cuanto fuese un problema gallego, reafirmando así el separatismo de que antes hablaba.

Cuando hablamos de la solución del problema en el ámbito nacional, podría ser esta abrir a los productos de nuestro mar, a los productos de nuestras rías, mercados nacionales; facilitar a la España de tierra adentro, que no conoce la emoción del mar, en condiciones insuperables, su magnífico producto fresco, es decir, cubrir las ciudades españolas de tierra adentro de nuestros productos pesqueros.

Pero he aquí una cifra que he citado también al discutir el presupuesto de Obras públicas. Cuesta más trasladar nuestra conserva pesquera desde Vigo a Cádiz o a Barcelona que a Buenos Aires o a Estocolmo. Y otro dato: transportar un vagón de pescado fresco desde Vigo al centro de España cuesta cuatro veces más que si fuera otro producto cualquiera: es decir, que tiene una prima en contra, en vez de tener las soluciones de que nosotros

IMPERMEABILIZANTES
VATERSTOP
UNICO EFICAZ PRA EVITAR A HUMIDADE B O SALITRE NAS CONSTRUCCIONS
Mais de CINCOENTA anos de experiencia no saneamento de construccions e impermeabilización das mais importantes obras hidráulicas.
REPRESENTANTES EN TODAL-AS VILAS DE GALIZA
Pida detalles e foletos:
PRODUCTOS WATERSTOP
Axencia xeral pra Galiza:
Porta da Pena, 6. - SANTIAGO

hablamos para neutralizar esta desgracia de habernos fallado los mercados internacionales. Tiene esta prima en contra: que es inmensamente superior—tres veces creo—la tarifa que se cobra a los trenes de pescado, y mientras en otros países eso trenes de pescado tienen privilegios para pasar delante de cualquier otro tren, incluso del Presidente de la República, como ocurre en Francia, los trenes que se dedican a este transporte en España tienen la sardina fresca veinticuatro horas esperando enlaces ferroviarios y otros entorpecimientos de ese segundo Estado que gravita sobre la economía nacional y que se llama Empresas ferroviarias, a las cuales aún no hubo la valentía de pulverizar y, sobre todo, de someterlas y ponerlas a tono con los intereses de la economía nacional, a la que están soboteando. ¡Y cuando recabamos nuestro ferrocarril, que podía ser parte de solución de problema, se nos contesta como se sabe!

A introdución das carnes conxeladas

Por lo que se refiere a la importación das carnes conxeladas, no soy capaz de medir la cuantía de los intereses, las presiones tremendas que han debido actuar en derredor del señor Ministro de Agricultura, especialmente de orden internacional; pero nosotros los Diputados de Galicia, agobiados por la protesta ardiente de los millones y medio de campesinos que tienen como único medio de vida su producción ganadera, no podemos pararnos en intereses lejanos, porque tenemos vivo y palpitante el interés próximo de nuestros paisanos. Ayer volvimos a reunirnos los Diputados por Galicia, Asturias y Santander, y se tomaron acuerdos que pronto conocerá el Sr. Ministro. Consisten estos acuerdos en que el Gobierno, urgentemente, con la mayor urgencia, resuelva esta cuestión de las carnes, teniendo en cuenta, si ello es necesario, los intereses de orden internacional; teniendo en cuenta, y a nosotros nos parecerá bien, los intereses de la economía nacional; pero teniendo en cuenta, también, que este problema de la ganadería gallega no es, dentro de la economía nacional, una bicoca cualquiera, puesto que representa, como ya he dicho, solo por su exportación, 300 millones de pesetas anuales. En defensa de estos intereses, de vida o muerte para nuestros representados, estamos dispuestos a todo, sin otra consideración que el límite a que puedan llegar nuestros esfuerzos. Sépalo el Sr. Ministro y sépalo el Gobierno.

CAFÉ GALICIA
Cantón Grande
A Cruña

Gando fiaco e nenos gordos

De «Heraldo de Galicia» de Ourense traducimos esta páxina viva que reflexa a situación angustiosa do agro galego.

«Suma e sigue. O día 4 d-este mes, como todol-os días 4 de todol-os meses, celebrouse en Porqueiros unha feira de gandos. Foron a éla os paisáns conducindo as súas reses, tan masas como éles, a ver si conquiarían facerse con unhas pesetas que lles eran indispensables para pagar a contribución. Gracias aos sapientísimos Tratados co Uruguay e Arxentina o precio do gando era mínimo máis aínda así e como o recaudador apuraba fixéronse moitas transaccións.

«Pero como agora para vender unha res fai falla encher máis requisitos que para se casar, os probes labregos despois de cubrir instancias, de encher vendís e de estampar firmas, foron en percura da autoridade competente para o visado dos mencionados documentos.

«E aquí vén o bón. Cumprindo coa máis absoluta mansedume os sapientísimos preceptos legais acudiron os labregos aos carabineiros que por alí andaban para que realizaran o visado. Pero ¡ay! os carabineiros somentes son carabineiros cando están de servicio e os que se atopan na feira de Porqueiros estaban alí en plán eufórico e turístico i-en consecuencia negáronse a facer nada.

«Sempre coa sapientísima lei na man, os labregos foron co conto a Garda Civil que ésa si estaba de servicio pero como tamén estaban alí os carabineiros e según a salomónica lei eran éstos os que tiñan primacia, tamén negáronse a facer nada.

«Nova volta as follas da lei que determina que en caso de non haber carabineiros nin gardas civís recúrrese ao Xuez Municipal. Pero ésta autoridade dixo que había na feira carabineiros e gardas civís en que habéndoos, él como Pilatos lavábase as máns.

«Visto o cal, os tratantes desfíxeron as cercas os paisáns devolveron o diñeiro e fóronse para a casa facendo as reflexións pertinentes ao caso e gababando o tino, o coidado, a sapiencia e o tacto dos lexisladores de Madrid.

«Polo visto do que se trata é de que Galicia a xente mórrase de fame. Os amorosos gobernos que nos dirixen debéronse de decatarse de que aquí existe unha capacidade de resistencia para a falla de alimento e para o sufrimento de toda crás de necesidades e queren investigar, dunha maneira racional e científica, hasta que punto pode resistir a mentada capacidade. E conste, para que non se alarmen as autoridades que non falamos para nada de protestas máis ou menos subversivas, cousa que cae fora do ámbito das ideas dos nosos paisáns. Falamos somentes de resistencia fisiolóxica pura e neta. Non se trata de azugar a ningún animal que poida trabar ou aruñar; trátase simplemente de poñer en claro cantos días pode estar este novo Papús metido dentro da súa furna.

«O belo ideal dos centralistas está xá realizado. Galicia non tén xá pulso nin sensibilidade de reacción contra

as agresións máis inxustificadas. Aguanta a ruína, aguanta a supertributación, aguanta a miseria provocada artificialmente, o aguanta todo. Porque ¿coidan vostedes que un caso como o que comentamos podería darse en Cataluña, en Valencia, en Vasconia, en calquera das rexións que teñen unha política propia e partidos peculiares? Seguramente non.

«Sonathan Swift propuxo n-unha ocasión, como único remedio para a miseria de Irlanda, cebar os nenos que foran nascendo en Birín e venderllos, despois de bón cebados, aos ingleses. Nós, modestamente, nos permitimos facer nosa a idea de Swift.

«Uns cantos nenos galegos bñ cebados farían moi bñ papel sobor dos manteles nos banquetes que periódicamente ofrendan ao seu ilustre xefe, os amigos de D. Emiliano Iglesias.»

Gran Fábrica de Cervezas

A BARXA

TIPOS:
DOURADA
MUNICH (Negra)

E FABRICADA EN GALICIA

PREFERILA AS DEMÍS E LABOURAR POL-O ENGRANDECIMENTO D'A NOSA TERRA.

IRMANS: Cando queirades ter unha festa propia d'a Terra, non deixés de chamar os Gaiteiros

"OS DEZAS"

de Lalín-Monleixas (Pontevedra)

CANTO PROPIO.
PAREXAS DE BAILE.
CADRO DE DECLAMACION

SI QUEREDES XANTAR BEN IDE A CASA PEPE

Dr. Cadaval, 13 VIGO

COMENTARIO

Resultados da Lei de Arrendamentos Rústicos.

Uns cantos veciños da parroquia de Meirás, Sada, veñen a nós en percura de que chamemos a atención de quén lle corresponda, sobor da tráxica situación de moitos labregos d-aquel lugar.

Trátase de unha parroquia de 571 habitantes, na súa maoria campesiños que viven en lugares acaseirados, ate fai pouco propiedade dos herdeiros da Condesa de Pardo Bazán, e d-un convento de monxas, tamén d-alf. Istantes xentes ao vir a República venderon as terras, a calquer prezo, e os novos donos, entre os que anda un crego ruin e anticristián, sácanlle as terras aos que as levaron n-algúns casos fai máis de 200 anos entre país, abós e os d-agora. Para elo, agárranse a vixente Lei de Arrendamentos Rústicos, exendo canallesco, aprobado n-estas Cortes de mentalidade resentida e semi feudal, co achaque de que as queren traballar eles. N-algúns casos isto pode ser certo, pero no fondo, anda a xeneira que a un grupo de traballadores lle teñen, porque en Maio do 1933, entre todos pol-a forza, non quixeron deixar unhas leiras vendidas sen avisar aos levadores, por Cavalcanti, ou o seu apoderado, a un grupo de re-icionarios, entre os que estaba o crego de marras. D-aquela, namentras houbo un goberno republicán areglouse o conflito, até Novembro do 33 que con guardias de asalto botáronnos das terras, seguindo cada vegada os desahucios con mais intensidade, e quedando na rúa moitas familias sin casa, sin terra e sin pan.

Como se vé, éste é un problema de grande envergadura, que requer ademais d-unha lexislación axeitada, un goberno de xentes humanos que o resolan non pol-a forza, senón por xustiza, tendo en conta que o caso de Meirás ten moitos parellos en Galicia. Un Banco Agrario facilitándolles car-

tos a baixo intrés para facerse coas terras, tén de ser a base da solución de él, e esto amigos de Meirás está algo lonxe, tan lonxe como poida estar da realidade política galega, unha política galeguista e un réximen autonómico. Outra cousa son panos quentes que alivian mais non curan.

Para namentras mais vén, un consello: Xuntarse, e até onde sexa posible, pagando a renda, aguantarse nas leiras, que un día serán vosas, porque a terra debe ser de quen a traballa, e non de señoritos é aristócratas de baixa calidade.

X. A. S.

O noso ferrocarril

As obras do camiño de ferro A Cruña-Zamora vanse a paralizar totalmente dentro de poucos días. A razón é sinxela e incruzo natural.

No presuposto non hai consiñada ningunha cantidade para continuar as obras.

Dos oito millóns que había consiñados nos derradeiros trimestres ficaron reducidos a catro por Guerra del Rio. Agora esgotados xá o Ministro cedista de Obras Públicas no seu célebre proieto, que xá é lei, contra o paro forzoso non consiñou nin un céntimo.

Mais de seis milleiros de traballadores ficarán parados. Ribada das cousas tráxicas que pesan sobor de Galicia, ésta máis.

Temos esgotado xá o repertorio de argumentos para poñer diante dos ollos dos máis cegos o trato que Galicia recibe dos gobernos de Madrid. Mais o repertorio de inxusticias, para os tales gobernos, é inesgotabel.

Ahi está a mostra. O novo aldraxe vén directamente das dereitas que tanto prometeron.

Agardamos que os galegos convénzanse algún día a forza de recibir aldraxes semellantes.

Lede e propagade A Nosa Terra

Ideas que defende e fins que se propón o Partido Galeguista

(FOLLETO DE DIVULGACION ORIXINAL DE VICENTE RISCO)

Algúns din que si todos falásemos e escribísemos galego, cando os casteláns viñesen eiqui terían que aprender a nosa lingua. Eso sería o natural, sobre todo si veñen encargados pol-o Estado de desempeñar calquera emprego. Si hai estranxeiros que a dependen, máis natural é que a dependan iles.

Non é que os galeguistas queiran desterrar o castelán de Galicia. Ao contrario, queren que todos os galegos o sepan ben, pra que ningún poida rirse d'iles cando o falen. Mais pra isto compre que llo ensiñen ben, e non poden ensiñarllo os mestres que empezan por non saberen o galego. E queren tamén os galeguistas que os alleos que veñen a Galicia se decaten de que si os galegos, ademais de falar a nosa lingua, sabemos a d'iles, é porque somos máis cultos e superiores, e pol-o tanto sepan que deben mirar a nosa lingua con respecto.

Tamén hai quen dí que o galego que escriben os galeguistas non se comprende ben, porque non é igual que o fala a xente, e porque se asemella ao portugués.

O primeiro sucede tamén co castelán, pois o castelán que se escribe nos libros e nos periódicos tampouco é igual que o que fala a xente de Castela, e hai moitos casteláns aos que tamén lles custa traballo comprender ben o que se pón nos libros e nos periódicos á pesar de que á iles ensiñanlles na escola a ler e escribir en castelán, mentrás que á nós non soio non nós ensiñan a ler e a escribir en galego, senón que o Estado se poidera faría que ningún falase nin escribise na nosa lingua, porque sabe que cando un pobo como o galego non deixa de falar nin de escribir o seu idioma é que aínda non se deixou someter de todo, e calquer día pode rebelarse pra que se lle conceda a liberdade que lle foi quitada contra a súa vontade. E claro que ao Estado isto non lle convén.

Ademais, como os que escriben en galego tratan de moitas cousas cultas e científicas das que non se adoita falar á diario nas conversas da xente, teñen que botar man de palabras galegas que se deixaron de usar, pero que se usaron n-outro tempo, e estas verbas non son coñecidas de todos. Pero isto pasa tamén nos outros idiomas. Hai moitos casteláns que non entenden os escritos de Unamuno, de Ortega y Gasset, de Valle Inclán e outros escritores que escriben en castelán.

Que o galego se pareza ao portugués non ten nada de particular, porque o portugués non é máis que o galego un pouco modificado, de maneira que tense de parecer por forza, e non é estrano o que se pareza.

Tamén hai quen pensa que a idea que os galeguistas defenden de falar e escribir en galego é contraria á creación d-unha lingua universal. Os tales están completamente trabucados. Os galeguistas, según queda indicado, predicán que se emplée a lingua galega, pero queren que todos os galegos poidan saber tamén ben o castelán, tendo mestres que entendan o galego e poidan así correxir os defeitos. O día que houbese unha lingua universal, os galeguistas serían os primeiros en decir que nas escolas, ademais de ensinar o galego se ensináse tamén esa lingua.

O que pasa é que o Estado o que quixera, como xa se dixo, era que abandonásemos a nosa lingua e que non aprendésemos ningunha máis que o castelán, pol-as razóns que antes se explicaron.

IV

OS NOSOS COSTUMES, A NOSA MUSICA, AS NOSAS TRADICIONS

Os galeguistas, ademais, son amantes de todas as outras cousas de Galicia, como as antigas usanzas, os cantos, a música e os bailes antigos, o feito das casas e dos vestidos e todas as demais cousas que por seren nosas debemos estimar.

Esto non quér decir que os galeguistas queiran volver pra

trás Eso non. Do antigo os galeguistas queren que se conserve o que é bo, non o que é ruin ou xa non sirve. Isto non impide que haxa cantos adiantos sean posibles pra que os galegos poidan vivir mellor.

«Pero o que pasa é que moitas veces por afán de copiar cousas alleas copíanse bastantes que son ruins abandonando outras nosas que serían mellores, porque están axeitadas as diferencias que hai entre Galicia e os outros pobos. Como ocorreu, por exemplo, coa absurda supresión dos soportales que había en todas as cidades galegas, porque eiqui chove moito, e co a fán de facer azoteas que son improprias de Galiza se non teñen o seu correspondente alpendre.

E isto, ademais de ser unha cousa razoable, non é un capricho dos galeguistas; depende da natureza da nosa Terra.

Todos os países adiantados proceden así e procuran conservar as suas cousas, como se fai en Suiza, en Alemania, en Bélxica e en outros moitos sitios. Alí a xente canta os sus cantares antigos, fala a sua fala, viste os seus traxes enxebres e fai as cousas todas ao xeito do seu país.

Nas nosas sociedades, os señoritos non orgaizan festas en que todos leven os traxes galegos, cos que as mulleres estarían fermosísimas, nin se baila a redonda e outros bailes nosos, que son máis bonitos e decentes. Organízanse en cambio festas en que se levan mantóns de Manila e báilase agarrado, e fuman as mulleres, e bébense vinte mil porquerías, non porque gusten senón por se dar tono de imitar aos alleos, esquencéndose das nosas cousas e das nosas costumes.

Isto é unha das tantísimas modas ruins que nos mandan desde Madrid, e que nin siquera ten a disculpa de tratar de imponernos cousas castelanas ou de outros pobos de España, senón que se trata d-unha imitación servil das piores cousas do extranxeiro.

En cambio, en Madrid non se ocupan de imitaren ao extranxeiro pra que teñamos bos camiños, bos ferrocarrís, bos teléfonos e máis limpeza e máis instrucción, e moitos outros adiantos que nós precisamos.

(A seguir.)

Redacción - Administración:
Rúa de Tetuán, 2-1.º - Pontevedra
SUSCRICIÓN: 3 pesetas semestres. Pago adelantado.
Número solto: 10 cts.

A nosa terra

semanario do partido galeguista

Año XIX

Galiza, 29 de Xunio do 1935

Núm. 372

Declaración de principios do P. G.

- I. Galicia, unidade cultural.
- II. Galicia, pobo autónomo.
- III. Galicia, comunidade cooperativa.
- IV. Galicia, célula de universalidade.

GROVE

Un feito e duas conductas

LIMIAR.

Calquera home pode ser nefario de nacemento. O ser malvado pode estar determinado por diferentes causas psicolóxicas, xa da propia estrutura, xa do medo ambiente. Os homes nefarios son malos para si e para sociedade en que vexetan.

Cando as consecuencias d-esa condición recaen na mesma persoa, dende o punto de vista da solidariedade cristián, e moi lamentable; mais él solo as paga, e o seu deber e ir facéndose as boas accións, practicando as virtudes e ir poñéndose en condicións de sere útil para si e para os seus semellantes.

Cando os homes de condición nefaria queren intervir nos destinos dun pobo, ¡ah! entón a súa misión lonxe de ser perfecta tende a ser totalmente desgraciada. A súa situación será un continuo perxuício pra os cidadáns que ha de administrar, e moito mais cando a ise carácter inuato se lle engade un *poseimento de suficiencia* levado hastra os lindes da *petulancia*; en resúmen: os homes así non sirven pra que n-eles recaian postos de mando nos que hai que exercer autoridade.

Cando un home abriga condicións de guieiro dun pobo o único ouxeto e fin da súas ansias, e do seu deber, ha de ser recadar o máximo de beneficios e melloras para os veciños, co mínimo de sacrificio por parte d-eles; aínda moitas veces, rozando preceptos legalistas, porque as leises feitas, en algúns casos, as espaldas da realidade, sobre todo da nosa diferenciación galega, non poden ter aplicación estricta, inflexible.

E ista diferenciación, iste criterio humano e racional, non poden atopala, nin tel-o, os homes nefarios por estar insensibilizados, impermeabilizados, para canto redunde en beneficio dos intereses comúns.

O FEITO.

Presenciamos fai uns días, os veciños d-esta vila, un espectáculo nada edificante e si moi repulso, e moi deprimente. Repulso para os espiritos liberais, democratas e cristiáns. Depresivo para cantos teñen posta a súa confianza no réxime republicán. Depresivo debía sel-o, tamén, para a mesma autoridade porque eso mostra que está exenta das dotes persuasivas, cando hai que apelar aos medios coactivos.

Refírome aos embargos practicados por falta de pago das cédulas persoais. Un axente executivo custodiado por unha parella da Guardia civil, ao mando do sargento, foi visitando casa por casa e facendo as correspondentes dilixencias de notificación i-embargo, no seu caso.

A presenza d-estes homes levantaba os mais variados comentarios de censura; e daba a sensación de unha incursión en país extranxeiro.

Xa sabemos que estamos na obriga de pagar os tributos, por inxustos que sexan. D-este pago ningún se pode evadir. O que non paga é sinxelamente porque non pode facelo.

O tratar de recadar os impostos por ise medio coactivo, está fora de toda razón, de toda ética e de toda prudencia.

Non hai dereito a presentarse a un contribuínte e decirlle que a presenza da forza pública: «Ou pagas, ou sinón mira o que tés diante». E o contribuínte ante ese temor, ante esa coacción, ante a disyuntiva, non tén mais remedio que volver a empeñar a casa, ou a leira, e ir a pedir os cartos que lle reclaman; ou tal vez vese no extremo de entregar os cartos que ten para o pan do día. E isto é triste; enormemente triste. Escandaloso; enormemente escandaloso. Estamos seguros que o 90 por cento dos notificados tiveron que recurrir a bondade e a largueza dun veciño. Magnanimidad que deberan ter as autoridades e os organismos encargados d-eses ingresos.

Todol-os anos faise a recaudación d-ese imposto antipopular, d-ese que lle chaman «cédulas» que para todo a eixen e que para nada sirve. Establécense pol-o menos dous períodos

co carácter voluntario, para esa recaudación. Este ano tamén os houbo. Despois de pasados procédese pola vía executiva. A Diputación para facelo repara nada mais que na lei. Impórtalle moi pouco que os veciños teñan ou non teñan cartos. Non lle importa que o ano sexa de miseria. Interésalle facer o ingreso sexa como sexa, e administrar (?) como boamente queira e poida.

AS CONDUCTAS.

Durante os anos en que ao fronte do municipio se atopaba o alcalde de elección popular don José Besada, non se chegou a presenciar o espectáculo que fica reseñado. Este home vivindo dentro da realidade económica da vila, dábase conta da crítica situación porque atravesaban os contribuíntes. Dentro das equivocacións que poido ter, exercía o seu cargo coa integridade e austeridade que corresponde a un alcalde, a unha persoa con un concepto da vida, dos homes e das situacións, práctico e humano. Con unha cordialidade e transixencia únicas.

E con ese criterio, e por esa realidade, xestionou, diversas veces, da Diputación provincial que se ampliase o prazo de ingreso voluntario das cédulas, porque non era posible que se poidesen pagar despois de épocas de completa escasez. Así d-esa forma, fóronse pagando as cédulas sin esgotar, sin esprimir ao contribuínte; sin poñer aos veciños no trance, sempre dooso, de ser visitados pol-o axente executivo e unha parella da Guardia civil.

Esa é a conducta ouservada por un home que traballa, e que foi alcalde por elección popular.

Iste ano temos ao fronte do Municipio un Alcalde gubernativo da mesma filiación política que o Presidente, e maioría dos xestores da Diputación provincial. Alcalde e Presidente, son emilianistas, responden, ao parecer, a un mesmo credo. Conta coa forza do poder oficial. E, este ano... ¡cobráronse as cédulas pol-a vía executiva!

Este Alcalde, fundado en tan boas relacións políticas podía evitalo. Este Alcalde gubernativo contaba con medios para facer as xestións inducentes a que se ampliase os prazos voluntarios para a cobranza, non das cédulas correntes, sinón tamén das atrasadas, si as hai.

Este ano a crisis n-este pobo é de tal volumen, chega a tal magnitude que asombra. Levamos un inverno longo, un inverno e vran de miseria como poucos se lembran; o marisco cotizouse a precios de fame, e a sardiña igualmente ¡cando se podía vender!

E por si fora todo eso pouco, aquí repercute tamén a crisis interior coa aprobación dos tratados co Uruguay e Argentina; o peche dos mercados para a sardiña; a introducción d-esta de Portugal pol-os portos do Sur. E namentras aos trigueiros casteláns o goberno lle merca o trigo sobran, para pagar nós o pan mais caro, ¡consinte que se tire a sardiña ao mar, por non habere quen a comra! Aquí o que se fai é cobrar, cobrar e cobrar, con fusiles ou con bayonetas; non se repara en medios.

Todas esas circunstancias debía telas en conta a autoridade local e tratar de conciliar, de compaxinar os intereses dos organismos oficiais, coa necesidade, coa penuria do contribuínte. Debía a autoridade percatarse d-esas primordiais razóns, para opoñelas as demais razóns, sempre secundarias. ¡Ah! Pero unha autoridade, un Alcalde, para facer iso ten de ser unha autoridade completa, con dotes de boa administración e goberno, atiborrada de comprensión con clara visión da realidade, co criterio de que a autoridade é para o pobo, e non o pobo para a autoridade; unha autoridade, en fin, que se desvele pol-o benestar do pobo, que defenda os intereses do pobo.

E unha autoridade para ser así, ha de estar reencarnada en outros homes. Porque este vive alleo ás arelas populares, desenvólvese de espaldas aos veciños e nada lle importa que no

Charamuscas O CARBALLO DOS CARTOS

Por fin o señor Lerroux e o seu partido atoparon o clavo ardendo da súa salvación momentánea.

En Salamanca ficou establecido o pacto electoral entre o cedismo e o lerrouxismo que vén a ser... o mesmo.

Convén ir tomando posicións e si o lerrouxismo non atopaa esta facilidade que a Ceda ofrécelle, en troques da continuación do ensanchamento e desfiguración da República, apañado estaba para sostenerse en canto teña, que terá, que deixar o Poder que até agora o sustivo no aire.

Compre felicitar ao lerrouxismo. Pero francamente a Ceda que vivira a moralizar os costumes e tal e cual non lle conviña semellante compañía.

Pero en fin. Que os enterren xuntos. Que os enterraremos.

Lerroux dixo en Salamanca esta frase lapidaria:

«Antes prefere unha República de derechas que una monarquía de izquierdas».

Bén. Ou o cerebro de señor Lerroux xa non rexe e n-ése caso sería máis patriótico que se metera na casa ou pensa que os demais somos parvos.

Porque eu desafío a calqueira, ao máis exégeta, a que me descifre o sentido de semellante frase.

Tamén o señor Lerroux dixo que él e os demais que o acompañan no ensanche uníronse para estudar os problemas de Hespaña e resolvelos. E asegurou moi en serio que xa os resolveran

¿Sí? Pois entón moi agradecidos e agora a descansar que ben o mercesco o boa falta lle fai.

Estivo en Pontevedra o Orfeón Lusitano do Porto ao que acompañou o alcalde de aquela cidade.

Foron agasallados por diversas representacións de sociedades pontevedresas. Pero non se viu por ningures nin ao alcalde nin ao Gobernador.

Non se viron pola sinxelísima razón de que o mesmo día marcháronse a Ourense para asistir a unha corrida de touros.

¿Quérese proba máis clara dos modos que imperan dende que manda o emilianismo?

En Salamanca, no célebre acto en que reafirmaron as súas nupcias o ateo Lerroux e o xesuita Gil Robles, déronse vivas a «la República de los caballeros».

Eso dos «caballeros» sónanos. Non é a primeira vegada que o leemos.

¡Ah, sí! Os cabaleiros do 10 de Agosto chamáronlle os monárquicos aos señoritos que dirixidos por un xeneral traidor pretenderon tumbar a República vai facer dous anos.

Non está mal. Hai analoxía. Non en ván foi o primeiro goberno do

pobo haxa fame, non lle tira o sono o saber que a crisis é aguda e angustiada; non lle importan os intereses económicos do pobo, que son os mais importantes.

Esa é a conducta que ouserva un home que é rico, non traballa i-é Alcalde gubernativo.

XACOCO BARRAL OTERO.

Sorteando os outeiros, curtiñas, chairas, ribeiras... que se achán entre Ourense e Lugo, constrúese alá polo ano setenta e tantos unha estrada que ademais de ser unha gran fonte de riqueza para os pobos do corazón de Galicia, é o vieiro mais curto para ir de unha a outra cidade.

Nas súas dazaioito leguas áchense pobos con historia ben gañada como por exemplo Chantada; pazos, escudos, castros, xácigos etc, que falan do seu pasado con certo aquel que deixa após de si un ar que recende a orgullo; dolmes, trilitos, pontes, e vieiros que lembran aos brigancios como primeiros poboadores d-ista comarca que se estende entre o monte Faro e o río Miño; nomes de manates que foron entendidos en: Dreito, Meiciña, Historia, Música... Eiquí podíamos memear aos: Boans de Temes Lobelles, Lousadas, Quirogas e Brigueiros, dos que poida ser que eu sexa descendente inda que nacín moitos séculos dimpois a moitas leguas de Chantada.

Non vos estrañe que eu desexe que o meu apelido teña unha miguiña de historia cando sabedes de sobra que na nosa terra hastra os carballos a teñen.

Eu podíavos facer unha belida sembranza do «Carballo grande» de Moreira en Pontearreas—Mais carregado de anos que de ponlas—inda que as ten ben mechas. Iste carballo recorda moitas festas e reunións que se celebraron ao seu pé aproveitando a súa soma benefactora. Eu podíavos falar do «Carballo de Xorxe» de Tabeirós—Estrada que prantea unha custión do Dreito por ter o albre un dono e o tarrero outro. Ao pé d-este veíloqueiro carballo teñen por costume xuntarse total-as xerás os rapaces da Consolación a xogar ao escondite e correr a pedradas as bandadas de gorrions que de duas leguas a redonda veñen facer alí noite. Uns e outros, cos seus chirridos, e corretelas, fan ravexar aos veciños de máis preto, quenes refien ao municipal porque esté non reñe aos nenos.

Eu podíavos entreter un anaquiño contándovos cousas que sucederon ao pé do Carballo dos hovers de Negreira, mais non é cousa dun artigo onde soio quero sacar a relucir a historia do «Carballo dos cartos».

Achase ése albre ao pé da Estrada de Ourense—Lugo, preto do Pazo de Perellos, n. Concello de Taboada. Iste carballo, ao igual que os outros que deixo dito, é tan vello, que perdeu a conta dos anos que ten.

Ao parecer era albre antergo ao correr o ano 1835.

Cóntase que ao comenar éste ano desapareceu da parroquia de Castelo O CALRISTA que pertencía a familia dos Cadahias, quen contaba as onzas a mancheas.

Por non ter confianza nin siquera da muller para gardar tanto diñeiro, determinou escondelo no carballo de referencia aproveitando un oco que iste

tiña de riba a baixo, polo medio do tronco.

Pasou un mes, pasou outro, outro e outro e o CALRISTA non se lembraba de voltar a Castelo. Para il non había máis ordes que as de Zumalacárrregui, nin máis terra que a que iban gañando aos insabelinos. Un día—24 de Xunio de 1835—vendo que corria perigo de dormir o sono sin sono, escribiulle unha carta a muller e entre outras cousas decíalle que caíra ferido, e onde estaban as onzas escondidas. Como a muller do CALRISTA non sabía ler, en canto recibeu a carta marchou correndo en busca d-un veciño que lle facía de Segretario. Iste que ademais de listo era pícaro, ao chegar a onde falaba dos cartos saltou desemuladamente.

En canto a noite se votou encima alá se foi en busca do diñeiro, que non pudo abranguer. Era mester cortar o carballo polo pé e para eso non había máis remedio que ver ao Adeministrador dos Sres de Perellos.

Propúxoille a compra—venda, entraron en trato, e o Segretario comprou o carballo sin pedir rebaxa do que lle pediron, como tiña por costume sempre que adequaría algunha cousa.

Unha mañán, moi de mañán, alá se foi il soio disposto a cortar o carballo polo pé.

Inda ben non iba pola mitá deixouse ver o oco. Meteu as súas longas uñas e achou o que buscaba, raspáñolo o máis que puido e foise sin acabar de cortar o albre.

Vendo o Adeministrador dos señores de Saverda que non acababa de cortar o carballo, mandoulle recado para que d-unha vez lle sacase o albre d-alí. Contestoulle que non valía para facer carros como el coída, e para leña tiña il albres d-abondo.

Algún tempo dimpois a muller do CALRISTA recibiu outra carta e os poucos días o Segretario *foise embora*.

Ao voltar o CALRISTA a Castelo o primeiro que fixo foi ir en busca dos cartos pero soio encontrou a feruxe.

O carballo foi ano tras ano curando a frida que lle fixera o Segretario, escadas si a sinal quedoulle pra sempre e aínda hai hoxe quen mete a mán no oco para ver si acha algunha moeda. ¡Histórico!

En Castelo hai un castro, unha xá. cigo duas casóns, unha eirexa do século oito merecente de ser coñecida dentro e fora do Concexo, pero a xente do Castelo aos forasteiros non lle sabe traer a conto máis que «O Carballo dos cartos».

Cantos pasan pola súa veira vótanlle unha ollada de riba a baixo e se non pensan no CALRISTA, pensan nas suas onzas, na súa muller, no Segretario e todos acaban decindo «E unha boa disgracia non saber ler».

M. BERGUEIRO LÓPEZ.

Mieres, S. Xuán de 1935.

«ensanchamento» o que concedeu a amnistía.

Aquí todo se exprica. Non é como en Infantería.

A lechuza—já non pode chamarse loro agás los anos—de Melquiades anda alporizado porque no Tribunal de Cuentas non foi enchufado un amigo. E amenaza con facer oposición.

Vaites, vaites, con D. Melquiades.

Pero o millor do conto é que ao parecer o amigo que non apañou o enchufe é, según din, o noso paisano Món que ao resucitar pretendía nada menos que meterse de cheo coa axuda desinteresada de Isidoro Millán.

E despois din que non hai moralidade. Envexas da xente.

Lerroux e Gil Robles acordarían o que quixeran respecto a unión electoral pero o que é aquí en Pontevedra non vai haber forma hu-

mán de compaxinar e que se entendan os da Ceda cos emilianistas.

Anque o mande D. Ale e o imponha D. José María. Ou moito terán que se trocar as cousas.

Os cedistas pontevedreses—hai que lles facer xusticia—non aturan semellante compañía. E con razón.

AMARO DE VILAMELLE.

GALEGUISTA:

Podes contribuir extraordinariamente á difusión do noso Semanario e da súa laboura patriótica se despois de o ler o deixas na barbeiría, no café ou na sociedade a que adoides ir ou o reexpides a algún amigo.

Prelo de LA POPULAR.—Charino, 7

Pontevedra